

EXPTE. Nº 5/2015- TERRA: “Subministración de materiais de construción”.

ASUNTO: ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Completada a tramitación do procedemento negociado para a contratación do subministro: “**Subministración de materiais de construción – Terra de Sanxenxo**”, coa presentación da documentación requirida ao licitador presentado e admitido que obtivo a maior puntuación, de acordo á cláusula 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, e vista a fiscalización da Intervención Municipal de data 27 de abril de 2015, esta presidencia **RESOLVE**:

1º) Adxudicar, o contrato de :“**SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN – TERRA DE SANXENXO**”, á empresa “ **PREFABRICADOS DENA**”, conforme ao Prego de cláusulas administrativas particulares e ao prego de condicións técnicas polo que se rexe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario, que executará as obras polo **prezo de CATORCE MIL CATRO CENTOS (14.400,00) EUROS (IVE ENGADIDO)**, debendo procederse a súa formalización en documento administrativo dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación ao adxudicatario, conforme o sinalado na **cláusula 13ª** do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º) Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A esta licitación foron invitadas as empresas **Comercial Goberna S.L**, **Prefabricados Dena S.L** e **Garci Venta S.L**, presentando a súa plica **Comercial Goberna S.L** e **Prefabricados Dena S.L**, sendo admitidas as dúas presentadas.

- **Plica núm. UN:** Presentada por Don Bernardino Comesaña Goberna, en representación da empresa “C. GOBERNA MAT. CONSTR. SL” de Coruxo, e de conformidade co informe técnico de data 18 de marzo de 2.015, obrante no expediente. Oferta o seguinte respecto dos aspectos obxecto de negociación:

Plica Nº 1: C. GOBERNA MAT. CONST. S.L

1) PREZO:

Ofertado: 15.000,00 € (IVE incluído).

Baixa: 0%

Puntuación: 0 puntos.



2) PRAZO:

O licitador oferta unha redución do prazo no subministro de 5 días.

Puntuación: 10,00

Puntuación total da plica nº 1: 10,00 puntos.

- **Plica núm. DOUS:** Presentada por Don Marcelino Buceta Caneda en representación da empresa "Prefabricados Dena SL" de Dena-Meaño, e de conformidade co informe técnico de data 18 de marzo de 2015, obrante no expediente. Oferta o seguinte respecto dos aspectos obxecto de negociación.

PLICA Nº 2: PREFABRICADOS DENA S.L

1) PREZO:

Ofertado: 14.400 € (IVE incluído)

Baixa: 4%

Puntuación: 16,00 puntos.

2) PRAZO

O licitador oferta unha redución de prazo no subministro de 7 días naturais para produtos en stock

A redución do prazo de subministración previsto no Prego é para a totalidade do material incluído no mesmo, non só para os produtos que o licitador poida ter en stock. Polo tanto, e como licitador non aclara se posúe stock da totalidade de material incluído.

Puntuación: 0,00 puntos.

Puntuación total da plica nº 2: 16,00 puntos.

3º) Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a vinte e nove de abril de dous mil quince.

A presidenta



Catalina González Bea

ante min, secretario



Ángel Luis López Pita